Exercicios

Primeira avaliación

Texto:

Cando había elecciós o Antón, pai do Manoliño, ía sempre a votar. Antes das elecciós no pobo falábase e discutíase. Antón era pouco amigo de discutir e votaba sempre por aquil que o señor Manuel de Hortas lle dicía. O Antón pensaba para si que, votase a quen votase, a súa sorte e a dos seus non ía cambiar en nada. Facéndolle caso ao señor Manuel algo podía conseguir. Se algunha vez precisaba algunha cousa, ou se vía nalgún apreto, o señor Manuel aínda lle podería valer. E esto é o que podía gañar.

Nos derradeiros tempos semellaba que todo se complicara. Todo ía de mal en peor. Non había quen entendera nada. Na casa de Hortas, despois de cear, o señor Manuel sentaba detrás do lume, no escano de castiñeiro que había perto a lareira, sacaba con solemnidade os seus anteollos de aramio e lía o xornal en alta voz para toda a familia. O xornal só traía cousas desagradables: mortes, folgas, tiroteos nas rúas das cidades, discursos...

O xornal que lía o señor Manuel, que era ao que estaban suscritos os de Hortas e que recibían tódolos días, era El Ideal Gallego, da Coruña. Ao Manueliño quedábanlle na lembranza algúns nomes daquelas xentes das que falaba o papel: Azaña, a Pasionaria, Gil Robles, Casares Quiroga, Prieto, Lerroux, Portela Valladares, Calvo Sotelo..., Castelao. Non sabía quén eran tales xentes aínda que por Castelao, sen que soubese explicalo, tiña unha fondísima simpatía. O único que sabía era que todos eles eran políticos. Os de Hortas poñían polas nubes a Gil Robles e a Calvo Sotelo. E falaban pestes de Azaña, de Prieto, da Pasionaria. Azaña e a Pasionaria, polo visto, non ían á misa e non querían saber nada cos cregos. Aos de Hortas isto semelláballes unha monstruosidade.

Manuel María: *O xornaleiro e sete testemuñas máis*, 1971.

Cuestións:

1.- Fai un resumo do contido do texto.
2.- A que variedade dialectal pertence o texto? Xustifica a resposta.
3.- En que se diferencian os fonemas consonánticos de *Manueliño*?
4.- Explica o significado de: votase (l. 4), seus (l. 5), escano (l. 10), simpatía (l. 20).
5.- Por que levan ou non til as palabras seguintes: elecciós, ía, pai, facéndolle.